

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE O LABORATORIO "NOVO NORDISK PHARMA, S.A."

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade formalizou o día 8 de maio de 2026, co laboratorio Novo Nordisk Pharma, S.A. o instrumento convencional arriba referido. O convenio está vixente desde o día seguinte ao da súa firma por un período de catro anos, podendo prorrogarse, por acordo expreso das partes e por escrito, por un período de ata catro anos adicionais. Todo iso de conformidade, co previsto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións necesarias para a colaboración entre as partes en diversos ámbitos relacionados coa saúde. En particular, abarca a organización e execución de accións conxuntas que promovan a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico, así como a promoción social da educación sanitaria. Ademais, preténdese realizar actividades que contribúan á mellora asistencial e á calidade de vida dos pacientes e á sustentabilidade, aliñándose coas liñas estratéxicas definidas pola Consellería de Sanidade.

No devandito obxecto inclúese especialmente o desenvolvemento das accións contempladas no Plan Obesidade Zero de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Sanidade ten como un dos seus obxectivos a prevención e a atención sanitaria. A súa finalidade é impulsar, planificar, coordinar e avaliar as actuacións levadas a termo para mellorar o proceso de atención, e isto coa implicación de todos os axentes do sistema de saúde e do sistema social, co fin de establecer un marco de actuación integral.



Unha das liñas de actuación consisten no impulso de actividades dirixidas á mellora de aspectos como a educación sanitaria, a formación ou a investigación, coa finalidade de mellorar a atención e o servizo de saúde que se presta á cidadanía, especialmente no relativo á promoción de hábitos de vida saudables, a alimentación, o exercicio, e a importancia destes aspectos como parte fundamental da prevención da enfermidade.

A Estratexia galega de saúde 2030 do Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Sanidade establece como panca de cambio a "Saúde 6P" cun enfoque centrado en seis elementos clave para promover a saúde e o benestar das persoas: preventivo, proactivo, participativo, personalizado, de precisión e poboacional.

Supón un novo enfoque na atención médica, poñendo ao paciente no centro dun proceso que inclúe non só a curación, senón a prevención, a predición, individualización de terapias e mellora significativa da calidade de vida.

Dentro desta nova estratexia destaca o Plan Obesidade Zero, aprobado polo Parlamento de Galicia e coordinado pola Dirección Xeral de Saúde Pública, que persegue a redución da prevalencia de sobrepeso e obesidade, a mellora global da saúde e a promoción de estilos de vida saudables na poboación galega, mediante accións preventivas, educativas, investigadoras e de innovación.

A Consellería de Sanidade ten entidades públicas adscritas e funcionalmente dependentes, ás que encomendar servizos e tarefas dentro do seu ámbito de actuación, como é o caso da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), cuxo obxecto principal é a docencia, a formación e investigación en administración e xestión sanitaria, sociosanitaria, saúde pública e asistencia sanitaria, de conformidade coas directrices emanadas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

Novo Nordisk Pharma S.A. é unha compañía innovadora, que ten como obxecto social a investigación, desenvolvemento, promoción de solucións innovadoras e xeración de coñecemento para mellorar a atención integral ás persoas con obesidade, achegando recursos, experiencia e colaboración científica, técnica e institucional.

Un dos seus obxectivos de innovación e procura é traballar para contribuír á mellora da calidade de vida dos/as pacientes que sofren enfermidades. Neste





sentido, a súa vontade é ofrecer produtos e servizos que lles axuden a mellorar a súa calidade de vida, á sociedade en xeral e contribuír a xerar coñecemento e colaborar na mellora da calidade asistencial.

En consecuencia, pode adoptar e desenvolver actividades de investigación, formativas e de atención ao paciente, contando coa colaboración e apoio científico, técnico e institucional dos xestores de servizos sanitarios.

Tendo en conta o anterior, as partes están interesadas en plasmar o seu compromiso de colaboración, sen prexuízo do seu desenvolvemento posterior, na promoción da investigación, a innovación, o desenvolvemento tecnolóxico e a formación no ámbito da saúde.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificable o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

